

Vigo Escola Municipal de Música

Camiño do Regueiro, 1 - 36211 Vigo
986 410 785

www.esmuvigo.es
info@esmuvigo.es

**CONCELLO
DE VIGO**



CONVOCATORÍA A PROBAS DE ACCESO A CURSOS DIFERENTE DE 1º

1-FASE DE PREINSCRICIÓN 2017-2018

As persoas que queiran optar a prazas na Escola Municipal de Música de Vigo, nas súas distintas especialidades, a cursos diferentes a 1º deberán realizar a PREINSCRICIÓN no período comprendido entre o 26 DE XUÑO AO 8 DE SETEMBRO (ambos inclusive), enchendo o impreso de preinscrición establecido para o efecto a través da páxina web www.emmavigo.org

A oferta das prazas para cursos diferentes a 1º será publicado na paxina web www.esmuvigo.es da escola o día 26 de xuño.

Soamente se poderá facer unha única inscrición por persoa e é imprescindible estar empadroado en Vigo.

Unha vez finalizado o prazo establecido, publicarase o listaxe provisional das preinscricións o 13 de setembro, abríndose o prazo de corrección de erros ata o 14 de setembro de 2017.

2- PROBA DE ACCESO

As probas de acceso terán lugar na Escola Municipal de Música entre os días 14 ao 19 de setembro. Os tribunais para as probas, así como a hora e día específico para cada especialidade será exposto o 10 de setembro no taboleiro de anuncios e na páxina web da escola.

PROCESO DA PROBA:

As probas para todos os instrumentos constarán de:

1. Interpretación, no instrumento da especialidade á que opte, de tres obras pertencentes a diferentes estilos, das cales, como mínimo, una deberá interpretarse de memoria. Valorarase a interpretación de memoria das dúas restantes.
2. Lectura a 1ª vista dunha melodía sinxela.

No desenvolvemento das probas, cada un dos exercicios puntuarase de 1 a 10 puntos. Unha vez feitos os dous exercicios farase a media ponderada, que se axustará as seguintes porcentaxes: Interpretación instrumental 70%, Lectura 30%.

En función da dispoñibilidade de prazas será o tribunal quen decida en asignar o curso e grupo aos aspirantes que superaron as probas.

3-CALIFICACIÓN DAS PROBAS E PROCESO DE MATRICULACIÓN

O 20 de Setembro publicárase no taboleiro da Escola de Música o resultado das probas.

O proceso de matrícula será dende o 22 ao 29 de setembro, de 16.00 a 20.00h na secretaría da escola. Pasado o período de matrícula, todo aquel que non formalizase a súa matrícula perderá todos os seus dereitos.

Para a formalización da matrícula será imprescindible a presentación de:

- 1 fotografía
- Volante de empadramento
- Informe médico (conforme non teñan ningún impedimento que lles permita realizar a actividade musical)
- Datos bancarios

Todos os novos alumnos que soliciten a exención de taxas (documento que está na páxina web do centro) deberán achegar unha copia da mesma en secretaría antes do 30 de setembro. De non ser así, se emitirán os recibos de matrícula e mensualidade.